

## CRÓNICA LEGISLATIVA DE GALICIA

Segundo semestre de 2016

Alba Nogueira López\*

*Galicia: Fin dunha lexislatura gris e incógnita sobre o alcance do Plan de dinamización da lingua no tecido económico*

### Resumen

Normativa lingüística aprobada en Galicia entre Xullo y Decembro de 2016. Fin dunha lexislatura gris e incógnita sobre o alcance do Plan de dinamización da lingua no tecido económico.

Palabras clave: Galicia; derecho lingüístico.

## LEGISLATIVE REPORTS ON GALICIA

### Abstract

*The text includes new regulations that affect the uses, the linguistic rights and the legal system of the language adopted in Galicia during the second half of the year (between July and December 2016).*

*Keywords: Galicia; Linguistic Law.*

---

\*Alba Nogueira López, profesora titular de dereito administrativo, Universidade de Santiago de Compostela.

**Citación recomendada:** NOGUEIRA LÓPEZ, Alba. «Crónica legislativa de Galicia. Segundo semestre de 2016», *Revista de Llengua i Dret, Journal of Language and Law*, núm. 67, 2017, p. 351-356. DOI: [10.2436/rld.i67.2017.2959](https://doi.org/10.2436/rld.i67.2017.2959).

## 1 Introducción

O contexto pre-electoral apenas remexeu as estancadas augas da protección da lingua en Galicia. Se ben varias leis teñen algunha mención ao uso do galego e a lingua neste final de lexislatura, o seu alcance é moi limitado e non articula un réxime de protección sectorial nos campos que tocan. O anuncio dun Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020 nos suspiros finais da lexislatura terá que ser contrastado coa realidade orzamentaria e a vontade política efectiva nos vindeiros tempos.

## 2 Leis con referencias ao uso da lingua

O Parlamento de Galicia aprobou na segunda parte do 2016 varias leis con algunhas referencias á lingua. Non son normas que vaian producir cambios profundos nin que teñan un alcance moi relevante xa que na súa maioría teñen un contido máis declarativo-programático que de articulación dun réxime de protección e impulso sectorial con medidas concretas.

A actuación de defensa xurídica da Xunta e os seus organismos dependentes foi regulada pola *Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público* (DOG de 12 de abril)<sup>1</sup>. Esta lei tan só contén unha mención á lingua galega que é precisamente a de recomendar o uso dela pola Asesoría Xurídica Xeral nas súas actuacións.

Disposición adicional primeira. *Uso da lingua galega*

De conformidade co disposto no artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos artigos 4 e 6.4 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no ámbito da Asesoría Xurídica Xeral coidarase de que todas as súas actuacións, en especial as dirixidas a outros órganos da Administración autonómica e as que se produzan fronte aos órganos xurisdiccionais radicados no territorio galego, se fagan en galego.

Do texto da lei sorprende a súa inclusión nunha disposición adicional e o uso do verbo “coidarase” para regular esta previsión. Parece como se o lexislador non quixera establecer unha obriga de uso do galego para a Asesoría xurídica. Isto é pouco comprensible tendo en conta a alusión a que esta recomendación vai dirixida “en especial” aos órganos da Administración autonómica e os órganos xurisdiccionais radicados en Galicia cos que parece que non debería haber problema para que a lingua normal de uso dos servizos xurídicos da Xunta fora o galego.

Pola súa banda tamén existe unha alusión á lingua galega na *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* (DOG de 16 de maio)<sup>2</sup>. Esta lei unifica o tratamento xurídico que contiñan ata ese momento á Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia e a Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago. A lingua pasa a ser considerado un dos bens que forma parte do patrimonio cultural inmaterial aínda que, como lembra a lei, “como elemento identitario, ten a súa regulación específica na Lei de normalización lingüística, [pero] aprovéitase nesta lei para situala como canle pola que vehicular o noso patrimonio inmaterial”. O título V da lei inclúe como novidade a regulación, nun título específico e separado, das peculiaridades propias do patrimonio inmaterial, tendo en conta a súa natureza e as medidas específicas de protección. Na relación de bens, como dicíamos, figura a lingua e tamén outros bens con clara conexión coa lingua, como son a tradición oral e a toponimia.

Art.9.3. Natureza dos bens

Considéranse bens do patrimonio cultural inmaterial para os efectos desta lei:

a) Os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural, e en particular:

1º. A lingua, como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, regulada pola súa normativa específica.

1 [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160412/AnuncioC3B0-070416-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160412/AnuncioC3B0-070416-0002_gl.html)

2 [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.html)

2º. As tradicións e expresións orais.

3º. A toponimia. (...)

Tamén se inclúe outra referencia ao regular a sinalización do Camiño de Santiago na que, ademais doutros elementos relativos á imaxe e contido, se fixa que dentro de Galicia estarán en galego en tipografía preferente e respectarán a toponimia oficial en galego.

#### Artigo 81. Sinalización dos Camiños de Santiago

1. A Xunta de Galicia establecerá unha sinalización uniforme das rutas dos Camiños de Santiago en Galicia, e procurarase o mesmo no resto de rutas, en colaboración co resto de comunidades autónomas e co Consello Xacobeo e segundo as recomendacións do Consello de Europa.

2. A rotulación dentro do territorio de Galicia empregará a lingua galega. No caso de que se empreguen varios idiomas, o galego terá lugar preferente na orde de colocación e maior relevancia na dimensión tipográfica.

3. Fóra do territorio da Comunidade Autónoma promoveranse os acordos oportunos para que na rotulación se empregue o galego e para que os topónimos se expresen de forma correcta.

Lei 9/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (DOG de 12 de xullo).

Pola súa banda a *Lei 9/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais* (DOG de 12 de xullo)<sup>3</sup> cambia lixeiramente a redacción existente da acreditación do coñecemento da lingua galega na selección do persoal, pero sen variar a súa esencia. No artigo 32 engade unha especificación sobre que esa acreditación poderá ser mediante un exame ou ben acreditando o coñecemento do xeito previsto na lexislación (superación de probas do CELGA, convalidación de títulos...) mentres que a lei de 2007 tan só establecía que “deberase demostrar o coñecemento do idioma galego”.

“art.32. 4. As probas selectivas para ingresar nas escalas e categorías dos corpos da Policía local de Galicia son de carácter teórico e práctico e poden incluír probas de capacidade física, psicotécnicas, médicas e de coñecementos, que se fixarán nas bases da convocatoria.

Así mesmo, incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente”.

O artigo 33 reproduce esa previsión ao regular as probas selectivas de ingreso na categoría de policía cun cambio, con respecto ao texto de 2007, parecido no alcance ao do art.32.

Finalmente, inclúese na categoría de faltas moi graves a discriminación por razón de lingua (art.79.n).

Asimesmo, seguindo a tónica das leis reguladores dos colexios profesionais aprobadas nos últimos anos, a *Lei 13/2016, do 26 de xullo, de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia* (DOG de 29 de xullo)<sup>4</sup> fixa o compromiso desta organización colexial co galego no seu articulado. A vontade de uso do galego tanto nas comunicacións internas como externas polo colexio sitúase na onda das previsións existentes para os colexios profesionais regulados por leis galegas recentes.

#### Artigo 5. Uso do galego nas comunicacións

O Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións, tanto internas como externas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na regulación de normalización lingüística.

Cun carácter puramente instrumental cabe mencionar tamén que a *Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021* (DOG de 2 de agosto) inclúe dentro do listado de actividades estatísticas previstas no seu Anexo III o “uso e coñecemento do galego”.

<sup>3</sup> [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160712/AnuncioC3B0-080716-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160712/AnuncioC3B0-080716-0001_gl.html)

<sup>4</sup> [http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160729/AnuncioC3B0-270716-0001\\_gl.pdf](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160729/AnuncioC3B0-270716-0001_gl.pdf)

Aínda que xerou certa polémica en relación coa lingua, polo xeito en que se presentou en sociedade polo Presidente da Xunta, aprobouse o *Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia* (DOG de 30 de setembro)<sup>5</sup> que non contén case ningunha mención relevante á cuestión lingüística. Tan só unha mención á posta en marcha dun servizo de videointerpretación en lingua de signos coa finalidade de garantir a atención cidadá ás persoas xordas ou con discapacidade auditiva. E no caso concreto da lingua galega a previsión de que fronte ás queixas das persoas usuarias dos servizos públicos a Oficina de Defensa garantizará “unha resposta rápida á cidadanía sen necesidade de esgotar prazos, personalizada, sinxela e sen tecnicismos, integral da cuestión formulada e empregando a lingua cooficial solicitada pola persoa interesada, de ser o caso”. Unha previsión que recolle o dereito de elección das persoas usuarias da lingua de relación cando así o solicitan pero que non debería impedir o principio de oferta positiva en galego se non hai esa solicitude.

### 3 Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020

A aprobación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020<sup>6</sup> nos estertores da lexislatura coincidindo coa convocatoria electoral é reveladora da atonía das políticas da Xunta coa lingua cun efecto superficial máis ligado á propaganda que a un labor de planificación efectivo con medidas concretas, fixación de obxectivos, avaliación de resultados e apoio orzamentario. A confirmación nas súas funcións do responsable político e o mantemento sen cambios da estrutura organizativa despois das eleccións permitirán, en todo caso, darlle unha continuidade a ese plan de haber vontade.

Os datos estatísticos negativos en relación coa transmisión xeracional do galego son o elemento que o goberno manifesta como razón para promover este plan xuntando “dous deberes: dunha parte, a creación de maiores oportunidades económicas e, doutra, velar pola viabilidade do noso idioma”. Este plan parte do diagnóstico que realizaba o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de 2004 que dividía o sector da economía en cinco áreas (industria, comercio, cooperativismo, banca e traballo) e establecía para cada unha delas uns obxectivos específicos de área acompañados dun grupo de medidas para os pór en práctica. Búscabase con elas tanto incrementar o uso por parte das empresas (interno e cara o público), como afianzar o uso pola clientela do galego. Resulta sorprendente que 12 anos despois se obvие un diagnóstico máis afinado da situación no sector empresarial e se opte por trazar as medidas sobre o diagnóstico que se efectuaba en 2004 cando os cambios sociais, económicos e mesmo institucionais foron relevantes.

Organizativamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística vai coordinar o seguimento do Plan acompañada por unha Comisión de Seguimento, cuxos membros serán nomeados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, e que estará integrada inicialmente por: Dúas persoas representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, dúas persoas representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias, unha persoa representante da Confederación de Empresarios de Galicia, unha persoa representante da Real Academia Galega, unha persoa representante do Consello da Cultura Galega, unha persoa representante do sector da hostalería, unha persoa representante do sector do comercio, unha persoa representante do sector da banca, unha persoa representante do sector das TIC e unha persoa representante dos sindicatos. Farase un seguimento anual cunha comprobación semestral da evolución.

As medidas propostas por sectores son variadas, pero centran o seu alcance no plano publicitario, terminolóxico e de concienciación sobre a importancia do galego. As medidas máis incisivas en canto á variación de condutas enúncianse de forma vaga e non son acompañadas por compromisos detallados ou reformas normativas que garantan a súa efectividade (etiquetaxe de produtos, lingua da contratación e as relacións laborais, atención ao público garantida en galego cando menos para os establecementos dun certo tamaño, relación coa propia Administración en galego na execución de contratos administrativos). Tampouco o orzamento previsto é moi elevado porque as previsións que detalla o plan xirán aoredor do millón de euros anual.

<sup>5</sup> [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160930/AnuncioG0244-290916-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160930/AnuncioG0244-290916-0001_gl.html)

<sup>6</sup> [http://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/plans-e-actuacions/\\_/contido\\_0004/plan-dinamizacion-lingua-galega-tecido-economico-2016-2020](http://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/plans-e-actuacions/_/contido_0004/plan-dinamizacion-lingua-galega-tecido-economico-2016-2020)

#### 4 Magro balance no ecuador da lexislatura para os concellos e deputacións

A superación da metade do mandato dos entes locais pode servir para facer un pequeno balance das realizacións en materia de lingua. Non obstante, tamén aí poucos avances ou cambios no enfoque das políticas existentes ten deparado este periodo. Os servizos de normalización lingüística nos concellos seguen a ser unha excepción; a precariedade do emprego do persoal destes servizos é a tónica xeral e a relevancia desta política na acción de goberno escasa en gobernos de todos os signos políticos, mesmo en cuestións relativamente doadas de artellar como o cambio na sinalética de rúas ou nas páxinas webs municipais.

Unha iniciativa municipal lanzada en 2015 por 12 concellos ao que se uniron 11 máis en 2016<sup>7</sup> (acadando un 40% da poboación galega) para a promoción do galego na primeira infancia é case o único proxecto cunha certa visibilidade que pode destacarse neste periodo como novidade nos concellos. O proxecto Apego busca promover e arroupar a transmisión da lingua ás nenas e nenos. O impulso inicial da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), que xa xenerara algunhas das campañas máis novidasas de apoio á lingua dos últimos anos, foi acollido por eses concellos para vertebrar unha oferta dirixida á primeira infancia. Para iso as familias que van ter unha crianza reciben unha caixa con materiais específicos para facer uso da lingua desde o nacemento (contos, música, suxerencias de nomes en galego) e son obxecto dun seguimento polos servizos municipais e o acompañamento con actos específicos de transmisión da lingua (concertos, teatro, recursos, formación...) nunha idade determinante para garantir a transmisión xeracional.

Apenas houbo tampouco novas ordenanzas de uso da lingua neste periodo. Cabe destacar a que en 2016 aprobou a Deputación de Lugo (BOP de 16 de decembro)<sup>8</sup>. A Ordenanza declara o galego lingua propia da institución e establece que esta será a lingua de uso normal tanto da propia Deputación, como dos seus entes dependentes e dos contratistas e concesionarios no desenvolvemento dos contratos que os unan á Deputación. Regúlase a oferta positiva en galego para a atención ao público nos servizos da institución. Tamén o uso do galego na publicidade, publicacións, actividades e formación impulsada desde a Deputación. A ordenanza detalla como introducir o impulso á lingua galega na contratación pública (pregos, prestacións...) e na sinalética provincial. En definitiva, é unha ordenanza completa que establece cunha perspectiva global o impulso ao uso do galego por parte da institución provincial lucense.

Malia esta ordenanza o certo é que se bota en falta unha acción decidida en materia de lingua por parte das Deputacións que, máis alá da promoción cultural en galego, directa ou a través de subvencións, teñen unha actividade moi limitada e circunscrita a convocatorias alleas a criterios de planificación lingüística (bolsas, premios, axudas de diverso tipo). Neste mandato ademais a pluralidade de signos políticos nos gobernos (unha gobernada polo PP, dúas polo PSOE-BNG e unha inicialmente tamén aínda que agora polo PSOE en solitario) podería facer pensar que se abrirían portas para políticas máis ambiciosas e diferenciadas. Sen embargo, logo de dous anos longos de goberno non se aprecian cambios significativos impulsados polas deputacións provinciais. Máis alá dalgún medre orzamentario para apoiar liñas xa existentes, a mellora puntual de aspectos das iniciativas xa en marcha e liñas complementarias con estas, o certo é que a maioría das iniciativas concéntranse na actividade cultural, tanto de programación estable como de apoio á celebración de certas efemérides relevantes. Tendo en conta a relativa marxe orzamentaria con que contan as Deputacións bótase en falta a planificación de medidas de apoio á lingua que cubran as eivas (económicas, de persoal, técnicas...) que teñen moitos concellos para as deseñaren e que de contaren cunha dirección decidida e impulso polas deputacións (singularmente polas das provincias atlánticas gobernadas polos bipartitos PSOE-BNG) poderían chegar á maioría da poboación galega suplindo algunhas das carencias que existen na política da Xunta de Galicia.

<sup>7</sup> En marzo de 2015, asinaban un protocolo de colaboración os concellos da Baña, Carballo, Carnota, Ferrol, Narón, Negreira, Ourense, Pontevedra, Redondela, Rois, Santiago de Compostela e Vigo. O 9 de abril de 2016 adheríanse 11 novos concellos: A Coruña, Ames, Mazaricos, Moaña, Muros, Oleiros, Ponteceso, Rianxo, Ribadeo, Teo e Vimianzo.

<sup>8</sup> [http://www.deputacionlugo.org/portal\\_localweb\\_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0\\_14446\\_1.pdf#page=1](http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_14446_1.pdf#page=1)

## 5 Ausencia de avaliación da efectividade das axudas públicas á lingua

En materia de axudas cremos que o dato máis relevante neste período é a avaliación realizada polo Consello de Contas de Galicia no Informe de fiscalización de Subvencións e Axudas da Administración da Comunidade Autónoma (Fondos Propios), exercicios 2012-2013 entregado ao Parlamento Galego en xullo de 2016 no que sinala que a Xunta non comproba se as súas subvencións para a normalización e promoción da lingua galega dan resultado, isto é, se serven ou non para impulsar o idioma propio do país ademais de apuntar os fortes recortes orzamentarios experimentados con respecto a exercicios anteriores<sup>9</sup>. O Consello de Contas analiza tres liñas de axuda da Consellería de Cultura e Educación de algo máis de 800.000 euros e conclúe que o Executivo non planifica nin comproba o efecto destes fondos. Tamén lle pon tachas á concesión directa por convenios para a “colaboración de entidades representativas” axudas entregadas á patronal e varios sindicatos nas que tampouco se fixo “unha avaliación das actividades obxecto do convenio” e da “súa incidencia efectiva na dinamización da lingua”.

---

<sup>9</sup> [http://www.consellodecontas.es/sites/consello\\_de\\_contas/files/contents/documents/2013/161\\_D\\_Subvencions\\_e\\_Axudas\\_Admon\\_CA\\_2012\\_2013\\_G.pdf](http://www.consellodecontas.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2013/161_D_Subvencions_e_Axudas_Admon_CA_2012_2013_G.pdf)